

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E CINCO DE ABRIL DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO****SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente acctal D. MANUEL COSTA CARNEIRO
Tenentes de Alcalde: D^a. MARGARITA DEVESA CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Escusa asistencia D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e cinco de abril de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente accidental don Manuel Costa Carneiro, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día nove de abril do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 201300000000370 de don Lucindo Brey Martínez.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a construcción dun peche de parcela, de aproximadamente 50 m de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Sobredo, en solo rústico de agrícola (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter, previo ao inicio das obras, a autorización de Augas de Galicia. Respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado e a altura máxima total do peche será de 1,80 m e a base maciza terá unha altura máxima de 1,00 m.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente; que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.2.- Instancia núm. 201300000000403 de don Juan M. Torre Vázquez.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación de alboio, consistente en picar e encintar dúas paredes exteriores, de aproximadamente 57 m² de superficie, situado en Outeiro, en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Non se modificará o volume actual da edificación; as obras non afectarán á estrutura da mesma e en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente; que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de cincuenta (#50,00#) euros.

2.3.- Instancia núm. 201300000000397 de don Manuel Quián Barreiro.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ames, solicita licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar en Castro (Ponte Ulla), emprazada en solo urbano residencial de baixa densidade (U-1) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: planta B. Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto, D. Antonio Sabucedo Costa cun orzamento de 80.500,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data de concesión da licenza.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Á vista do informe favorable do técnico municipal, concederlle a licenza solicitada debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construirase de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona. As obras de urbanización e as conexións a servizos deberán ser executadas ao mesmo tempo que a edificación debendo estar perfectamente rematadas antes da concesión da licenza de primeira ocupación.

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (107 m²).

3º.- Deberá depositar aval bancario por importe de catro mil cincocentos euros (#4.500,00#) para responder das obras de *urbanización na fronte de parcela*, descritas na memoria presentada e que se achega ao proxecto da vivenda.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidad de mil seiscientos dez euros (#1.610,00#).

2.4.- Instancia núm. 201200000001696 de dona Cristina Rizo Liñares.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, expón que a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para a reforma da súa vivenda unifamiliar, situada en Trasariz nº 16 (exp. 98/2009), e solicita a concesión dunha prórroga para o remate das obras.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga de tres anos para o remate das obras.

3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais.

3.1.- Escrito núm. 20130000000334 de Construcciones Boqueixón, S.L.

Dáse conta do citado escrito no que don Jesús López López, en representación de Construcciones Boqueixón, S.L, expón que ten depositado no concello aval bancario para responder da execución da obra *Construcción dun pozo de bombeo de augas residuais en Paradela (POS 2011)*, e rematado o prazo de garantía solicita a devolución do mesmo.

Dáse conta, así mesmo que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

4º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Núm. Factura	Provedor/Acreedor	Importe	Descripción
15	Obradoiro C.A.B. SAD	1.210,00 €	Acordo de colaboración publicitaria 2012/2013 para a promoción turística do Concello
3.130.210.087.3 75	Unión Fenosa Comercial, S.L.	2.635,71 €	Subministro a Lagoa obras
VD 03/2013	Ana Naya García. S.L.	6.172,30 €	Servizo gardería na escola infantil mes marzo
20.132.531	Dapp Publicaciones Juridicas, SL	114,92 €	Subscrição á publicación <i>Presupuestos Entidades Locales</i>
13.100.887	Louzao Vehículos Industriales Coruña, SL	147.438,50 €	Subministro novo camión recollida lixo (WDB9505321L563966)
A 5	Núñez Rúa Manuel-Claudio O Terrón	61,48 €	Produtos subministrados en marzo
13/3	Freiría Suárez José María	3.905,19 €	Servizos de limpeza mes marzo
306/13	Gráfica de Asturias S.L.	83,66 €	Material de oficina subministrado en marzo
19	Grupo Acofide, S.C.	5.974,38 €	Xestión do polideportivo municipal mes marzo
50.070.706	Ricoh España, SLU	122,80 €	Fotocopias máquina Servizos Sociais meses decembro/2012 a febreiro/2013
28-D381-817952	Telefónica Móviles España, S.A.	377,74 €	Fra. de abril por servizos de telefonía móvil
02/2013	Gas Natural, SA	12.195,01 €	Fras. de febreiro por subministro a iluminación pública en xaneiro
A00094	Sociser Galicia, S.L.	5.359,57 €	Servizo asistencial a domicilio mes marzo
A00093	Sociser Galicia, S.L.	10.524,20 €	Horas SAF dependencia mes marzo
3	Suárez Barreiro Pilar	1.314,87 €	Atención-mantemento do albergue de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



			peregrinos mes marzo
2.013//8.779	Barreras de Seguridad, SL	2.993,12 €	Equipamento para intervencións de Protección Civil
4.117	Acredores diversos	5,10 €	Tícket de Eroski por produtos para madrugadores
60857704 / 4292	Acredores diversos	11,48 €	Tíckets de Carrefour/Raviña por produtos para a ludoteca
10	Suffruticosa (vivero de boj)	280,00 €	Camelias para a Ruta BTT da Camelia 2013
FV-13/3	García Cabal Guadalupe J.	600,00 €	Clases manualidades mes marzo
M00407	Hierros Diego, S.L.	31,71 €	Chapa galvanizada para as vías públicas subministrada en marzo
027/13	Montajes Electricos Vizcaino, S.L.	2.358,47 €	Mantenemento alumeadoo público mes marzo
0145/E13	Talleres San Fins S.L.	1.486,50 €	Reparación tractores e maquinaria mes marzo
0144/E13	Talleres San Fins S.L.	25,41 €	Mantenemento desmalezadora brigada obras mes marzo
0143/E13	Talleres San Fins S.L.	552,37 €	Reparación retroexcavadora mes marzo
142/E13	Talleres San Fins S.L.	47,25 €	Reparación tractor J. Deere E2564BDT en marzo
140/E13	Talleres San Fins S.L.	154,33 €	Reparación tractor J. Deere C89650VE en marzo
0141/E13	Talleres San Fins S.L.	222,81 €	Reparación tractor Lamborghini en marzo
277-4/13F	Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA	10.016,50 €	Subvención 1T/2013 por prórroga do contrato de xestión dos servizos
13-313	Puente Ulla S.L.	29,44 €	Subministro de gasolina para a brigada verde mes marzo
13-316	Puente Ulla S.L.	27,95 €	Gasolina para a Ruta BTT da Camelia 2013
13-314	Puente Ulla S.L.	1.459,07 €	Gasóleo para camión recollida do lixo mes marzo
13-315	Puente Ulla S.L.	35,51 €	Gasolina para cobertura Ruta BTT da Camelia 2013
250.313	Club Bushi - Kai Santiago	471,90 €	Clases de karate mes marzo
15.713	Electro Bermúdez-José Bermúdez Reboredo	87,00 €	Trofeos para a proba Ruta BTT da Camelia 2013
15.613	Electro Bermúdez-José Bermudez Reboredo	69,00 €	Subministro dun batedor para a gardería municipal
I2013/20	Asociación de Voluntarios AVAN	380,00 €	Servizo de ambulancia para a Festa do Viño 2013
D219972	Diario Oficial Galicia	65,04 €	Taxa publicación anuncio nomeamento funcionaria (Traballadora Social)
A-460	Autocares Mougán S.L.	687,50 €	Servizo autobús viaxe á neve 2013 (S. Isidro) sufragado coas achegas dos participantes
FP11303526	Paz Dismac, S.L.	134,07 €	Material de oficina subministrado en marzo
C56793	Galizoro, S.L.	280,00 €	Placa de prata para a Gala do Deporte 2013
201.300.036	Ferretería Botana - Botana Granja Manuel	50,70 €	Materiais para o CPI de Vedra
89.461.030.002	DTS, SA (Digital +)	26,56 €	Servizo TDT e Canal + na casa da 3ª



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



			Idade mes abril
S13/040124	La Voz de Galicia, S.A.	32,00 €	Subscrição a <i>La Voz de Galicia</i> mes marzo
1304C0445779	Securitas Direct S.A.	166,04 €	Mantemento 2T/2013 alarma casa 3ª Idade
1304C0447001	Securitas Direct S.A.	169,19 €	Mantemento 2T/2013 alarma biblioteca municipal
1304C0396351	Securitas Direct S.A.	151,81 €	Mantemento 2T/2013 alarma oficina turismo
1304C0392734	Securitas Direct S.A.	234,10 €	Mantemento 2T/2013 alarma casa consistorial
97.001.549	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	222,30 €	Fotocopias máquina planta baixa mes marzo
50.057.705	Ricoh España, SLU	310,00 €	Fotocopias máquinas oficinas xerais mes marzo
013 00173	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	1.321,75 €	Servizos prestados no punto limpo mes marzo
304/4	Alquimao S.L.	121,00 €	Pisón para reparación da estrada de San Fins
18	Camino Bouzón Miguel Angel	542,08 €	Traballos en cemiterio San Miguel e outros en marzo
20	Camino Bouzón Miguel Angel	346,06 €	Subministro - instalación termo eléctrico na ludoteca
17	Camino Bouzón Miguel Angel	363,00 €	Subministro - instalación 2 inodoros no centro de saúde
19	Camino Bouzón Miguel Angel	52,03 €	Traballos na escola de Trobe
33 2942	Ulla-Oil S. L.	960,00 €	Gasóleo C para o centro de saúde servido en abril
4.001.092.360	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	475,14 €	Servizo de franqueo pagado mes marzo
130.011	Isla Arjones Jesús	15,10 €	Termómetro para a caixa de emerxencias do CEIP de Santa Cruz
04/C-03/2013	Sánchez Lojo Delio	302,50 €	Clases de debuxo e pintura mes abril
130.000.120	Droguería-Ferretería El Sol, SL	189,59 €	Materiais subministrados en marzo
67	MRW (Transportes) - Campos & Costas S.L.	15,35 €	Servizos prestados en marzo
13PA/065	Toldos Gómez, S.L.	122,28 €	Subministro de 2 bandeiras de España de exterior
445	Viajes Peillet S.L.	385,00 €	Servizo autobús para viaxe 3ª Idade a Outariz en marzo
3317660/01	Editorial Compostela, SA	41,00 €	Subscrição a <i>El Correo Gallego</i> mes abril
1.301.025.206	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	216,83 €	Aluguer locais estación Santa Cruz mes abril
FV-13/4	García Cabal Guadalupe J.	154,80 €	Elaboración agasallos para Teatrofilia 2013
2013/PE0497	C.O. Secretarios, Interventores y Tesoreros de Admon. Local	120,00 €	Subscrição ano 2013 a <i>Cosital Network</i> (Secretaría-Intervención)
2013/0853	Sogama S. A.	7.483,44 €	Tratamiento de residuos mes marzo
090/13	Talleres y Repuestos Barco S.L.	120,89 €	Materiais para P. Civil e outros en marzo
23	García García, S.C.	44,51 €	Produtos para o punto limpo subministrados en 1T/13



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



21	García García, S.C.	380,00 €	Materiais para escenario casa 3ª Idade en 1T/2013
20	García García, S.C.	64,34 €	Vestiario para persoal recollida do lixo en 1T/13
19	García García, S.C.	776,50 €	Produtos para Festa Camelia e Ruta BTT 2013
18	García García, S.C.	176,31 €	Materiais para limpeza escola S. Miguel 1T/2013
24	García García, S.C.	94,96 €	Materiais para campo fútbol S. Mamede e outros 1T/2013
22	García García, S.C.	1.016,35 €	Materiais para brigada obras - mantemento 1T/2013
3.130.210.365.0 43	Unión Fenosa Comercial, S.L.	85,20 €	Subministro a campo fútbol Sta. Cruz mes febreiro/2013 (a ingresar pola E.D. Val do Ulla)
3.130.310.351.7 40	Unión Fenosa Comercial, S.L.	85,20 €	Subministro a campo fútbol Sta. Cruz mes marzo/2013 (a ingresar pola E.D. Val do Ulla)
115	Maderas C. Lata S.L.	39,02 €	Materiais para traballos campo festa San Miguel
303/6	Pazos y Vieiro, S.L.-FPV	323,60 €	Vestiario para persoal recollida lixo en marzo
I0130322	Inforhouse, S.L.	119,79 €	Tóner para o Xulgado subministrado en abril
2.013.098	Ferretería Botana - Botana Granja Manuel	23,75 €	Grampas para espellos da Escola de Música de Santa Cruz
03/2013	Gas Natural, SA	1.379,28 €	2 fras. de marzo por subministro a escolas meses febreiro e marzo
03/2013	Gas Natural, SA	-31,84 €	Regularización subministro a escolas San Miguel e San Mamede meses xaneiro e febreiro
3/2013	Gas Natural, SA	1.871,23 €	2 fras. de marzo por subministro a edificios de cultura meses febreiro e marzo
03/2013	Gas Natural, SA	-99,02 €	Regularización subministro a casas cultura S. Xián e Merín meses xaneiro e febreiro
03/2013	Gas Natural, SA	77,34 €	2 fras. de marzo por subministro ao centro de saúde de Sta.Cruz meses febreiro e marzo
03/2013	Gas Natural, SA	428,02 €	2 fras. de marzo por subministro a centro de saúde de Vedra meses febreiro e marzo
03/2013	Gas Natural, SA	355,56 €	2 fras. de marzo por subministro á ludoteca meses febreiro e marzo
03/2013	Gas Natural, SA	141,25 €	2 fras. marzo por subministro á Reitoral de PonteUlla meses febreiro e marzo
03/2013	Gas Natural, SA	184,11 €	2 fras. de marzo por subministro á nave de Trobe meses xaneiro a marzo
03/2013	Gas Natural, SA	67,08 €	2 fras. de marzo por subministro á oficina de turismo meses febreiro e marzo
03/2013	Gas Natural, SA	281,89 €	2 fras. de marzo por subministro ao punto limpo meses febreiro e marzo
03/2013	Gas Natural, SA	15,98 €	2 fras. de marzo por subministro ao bombeo de Socastro meses febreiro e



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



			marzo
03/2013	Unión Fenosa Comercial, S.L.	2.186,41 €	2 fras. de marzo por subministro ao CPI de Vedra meses febreiro e marzo
3.130.310.261.6 28	Unión Fenosa Comercial, S.L.	414,30 €	Subministro ao CEIP de Santa Cruz meses xaneiro e febreiro
03/2013	Unión Fenosa Comercial, S.L.	434,60 €	2 fras. de marzo por subministro á gardería meses febreiro e marzo
3.130.310.015.4 80	Unión Fenosa Comercial, S.L.	1.146,03 €	Subministro á depuradora de Calzande mes febreiro
3.130.210.357.2 02	Unión Fenosa Comercial, S.L.	895,19 €	Subministro ao bombeo de Sol meses xaneiro e febreiro
03/2013	Unión Fenosa Comercial, S.L.	386,08 €	2 fras. de marzo por subministro ao bombeo de Paradela meses febreiro e marzo
03/2013	Unión Fenosa Comercial, S.L.	818,16 €	2 fras. de marzo por subministro á casa consistorial meses febreiro e marzo
03/2013	Unión Fenosa Comercial, S.L.	2.481,95 €	10 fras. de marzo por subministro a 5 alumeados públicos meses febreiro e marzo
92.632.049	Siemens Renting, S.A.	453,51 €	Renting fotocopiadora planta baixa mes abril
Recibo 73100022	Axa - Seguros Generales, S.A.	718,19 €	Póliza seguro 2013/2014 novo Nissan de Protección Civil 3663HNG
400.185	Hierros Diego, S.L.	646,29 €	Materiais para construcción reixa no campo da festa de San Miguel
A/309	Galiza Verde, S.L.	639,53 €	Xestión e transporte de residuos en abril
562.620.136.800 .305	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	1.370,99 €	Produto para arranxo de pistas subministrado en abril
04/2013	Telefónica de España, SAU-Movistar	881,66 €	12 fras. de abril por servizos de telefonía fixa
TA4CZ0040115 6	Telefónica de España, SAU-Movistar	22,16 €	Servizo telefonía fixa na sede de Protección Civil mes abril
26	Areazos, S.L.	157,30 €	Plantas subministradas para Feiravedra 2013
13/08 9	Herraiz Cabanas Rosa Panadería Raviña-Susana Raviña Carbia	423,50 € 196,95 €	Guías para Feiravedra 2013 Produtos para atencións protocolarias da Gala do Deporte 2013
FP 11304284	Paz Dismac, S.L.	153,28 €	Subministro plastificadora e outros en abril
1/13	Campi-Champi-Ñon Comunicacion, S.L.	1.452,00 €	Deseño e xestión da nova web Concello de Vedra (50% restante)
0-93366	Maderas Ramos Moreira, SL	373,44 €	Tablóns de aglomerado para Feiravedra 2013
3.130.210.354.1 33	Unión Fenosa Comercial, S.L.	96,53 €	Subministro á piscina municipal meses xaneiro e febreiro
3.130.210.358.7 43	Unión Fenosa Comercial, S.L.	760,19 €	Subministro ao campo de fútbol de San Mamede meses xaneiro e febreiro
2 FRAS. 03/2013	Gas Natural, SA	22.027,86 €	2 fras. de marzo por subministro iluminación pública meses febreiro e marzo
428	Vidrieras Compostela, SL	11,83 €	Vidro incoloro para o CPI de Vedra
044/2013	Culturactiva Soc. Coop. Galega	1.936,00 €	Actuación o día 14/04/2013 dentro da Rede Cultural da Deputación
	Chavert García María	50,00 €	Realización obradoiro de autoestima para a 3ª Idade en marzo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



	Salgueiro Loureiro Natalia	100,00 €	Realización obradoiro de cociña para a xuventude (programa <i>Posta a Punto</i>) os días 18 de xaneiro e 15 de febreiro
24.321	Restaurante Villa Verde	83,02 €	Gastos protocolarios da Gala do Deporte 2013
	IES San Clemente e Rosalía de Castro	72,00 €	Sobres de matrícula para o curso de educación de adultos (proba libre graduado en ESO)
	Martínez Carrillo Carlos	243,35 €	Quilometraxe e aparcamentos das viaxes da Alcaldía no mes de abril
	Piñeiro Caldelas Mª Jesús	143,25 €	Quilometraxe correspondente a xestións oficiais realizadas nos meses de xaneiro, febreiro e marzo
	Sanmartín Carrera Carlos J.	45,70 €	Quilometraxe e aparcamentos por xestións realizadas en Santiago nos meses de marzo e abril
	Munín Castelao José I.	156,75 €	Quilometraxe correspondente aos meses de febreiro e marzo
	Sabio Sanz Carmen A.	100,20 €	Quilometraxe correspondente ao programa de educación familiar meses febreiro e marzo
	Duarte Porto Juan	370,59 €	Horas extraordinarias por lavado de colectores do lixo en abril
	Fernández Pereira Jesús	272,10 €	Horas extraordinarias por lavado de colectores do lixo en abril
	Lobato Cutrín Manuel F.	53,15 €	Horas extraordinarias realizadas en abril (actividade <i>Fala-Redes</i>)
	Uzal Castro José M.	60,30 €	Horas extraordinarias realizadas en abril (actividade <i>Fala-Redes</i>)

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

5º.- Aprobación do padrón da taxa de abastecemento de auga do 1º trimestre.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa de abastecemento de auga do 1º trimestre de 2013, remitido pola empresa concesionaria do servizo Aquagest, Promoción Económica e Financiera de Abastecementos de auga, S.A, cuxo resumo é o seguinte: contribuíntes: 83; m³ facturados: 1.200 ; importe total: 1.796,44 euros; canon da auga: 799,21 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.

6º.- Outros asuntos

6.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta do escrito núm. 201300000000370 de dona Mª. Carmen Gómez Cordeiro, con domicilio en San Xián de Sales, no que expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 85% segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado; polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumplir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cinco minutos.